



Obra de Nuria Fuster que forma parte da mostra comisariada por David Barro no Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa (Macuf) da Coruña

Leccións e saídas da pintura

O comisario David Barro propón en 'Antonte e pasado mañá, ou o que é pintura hoxe', no Macuf da Coruña, unha redefinición da perspectiva da plástica no presente chantando un novo marco despois da colectiva 'Sky Shout' que el mesmo preparou no ano 2005. UNHA CRÍTICA DE XOSÉ MANUEL LENS

A CUESTIÓN QUE David Barro, comisario da mostra, propón baixo este suxestivo título produce unha didáctica e intencionada atmosfera de explicación: analizar e redefinir a perspectiva da pintura no presente, marcando un novo chanzo despois da colectiva *Sky Shout* que comisariou en 2005. Visitando a exposición non queda dúbida desa escolla, reafirmada coa inclusión de pezas xa seleccionadas na anterior mostra, pero que prosegue cun importante incremento para se converter nun heteroxéneo retrato do feito pictórico no presente; falamos case dun proxecto de estudo que este comisario leva configurando nestes últimos anos, disecionando e explicando a pintura, sen etiquetar nin concluir, como podemos comprobar no extenso libro realizado con motivo deste evento. Así, nas salas do Macuf identificamos os

rumbos que se establecen neste estudo, que o visitante percorre e asenta entre as dúas plantas desde vertentes distantes, que debuxan constantes ampliadas e contrastadas con outras achegas, desde unha ollada que constrúe unha paisaxe de revisión coa presenza de linguaxes traballadas desde os anos oitenta, mentres porfia en marcar nexos e experiencias cara ao futuro.

Nese instante de presente continuo reconécese a pertinencia do debate, exemplificado pola complexa realidade que ilustra a pintura desde diferentes ámbitos de produción, estéticos e de mercado —só precisamos percorrer os stands de ARCO ou ArtBasel—, tamén de inevitables etiquetas de moda, sobre todo nesa cansina situación de incerteza e de aparentes mortes, regresos e crises do pictórico. A colectiva insiste no seu protagonismo

**UNHA COLECTIVA QUE
ASENTA AS LINGUAXES
PICTÓRICAS DAS
ÚLTIMAS DÉCADAS AO
TEMPO QUE MARCA OS
PUNTOS DE CONFLITO**

**A MOSTRA INSÍRESE NO
TRABALLO DE ESTUDIO
QUE O PROPIO DAVID
BARRO DESENVOLVE
NOS ÚLTIMOS ANOS
ARREDOR DA PINTURA**

ao apostar por unha tese de ampla panorámica, da man dunha nómina de autores que alcanza diversos territorios e vocabularios, desde o soporte até a fotografía ou o audiovisual pasando pola instalación. Partimos dunha reflexión que se inicia na pintura como tradición, discutindo desde o marco, a superficie, para chegar a conceptos híbridos de pintura contaminada, que require de novos lugares onde detectar as súas loitas e incidencias. Queda perfectamente claro en Peter Zimmerman, Juan Uslé ou Fiona Rae nas versións de trama, de abstracción, de técnicas; outra liña máis suxestiva vértase nos traballos de Nano4814, Olafur Eliasson, Jessica Stockholder ou Nuria Fuster desde recursos críticos, de intentos e controversias espaciais, mentres, unha terceira opción discute desde o fotográfico e o vídeo, desde as narrativas

de Vilarinho ou Jorg Sasse até Anri Sala e Cao Guimarães nas olladas temporais. En definitiva, unha colectiva que asenta as linguaxes pictóricas que evolucionaron nestas últimas décadas, ao tempo que marca os puntos de conflito, de expansión, examinando os lados do pictórico que se depositan nos límites, desde a pel fotográfica até as vontades escultóricas e espaciais, ás veces inesperadas. De aí a decisión de incluír expoñentes creativos onde o debate ou pregunta sobre a pintura non está nas súas principais mensaxes, achegando a esta mostra unha inusitada e aberta fiestra de posibilidades. ■

**ANTONTE E PASADO MAÑÁ,
OU O QUE É PINTURA HOXE**
LUGAR: MACUF (A CORUÑA)
DATA: ATÉ SETEMBRO